

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 13/09/1960

Colección:

Data: 13/09/1960

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Literatura;

Mencionados:

Isabel López García; Gregorio Marañón; Ramón Piñeiro; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 13/09/1960

Buenos Aires, 13 de setiembre de 1960

Sr. D.

Domingo García Sabell
Santiago de Compostela

Querido amigo:

Recibín onte o número de Insula co teu traballo sobre o Dr. Marañón, que me pareceu dende logo moi atinado e bon, coma todo o número en xeral. Nun artigo publicado fai algús anos escribín verbas parecidas as túas con que comezas o teu traballo, con motivo dos mortos en España, e felicítome dista coincidencia. Tiña de

haber escrito antes, mais foron pasando os días e xa os meses na volta ás miñas cousas, preparando obra pra unha exposición que tiña que facer en Lima en Outubro e que, na derradeira hora, decidín deixar pra os comezos do ano que ben (sic). Queríamos Maruja e eu agradecervos a Elena e a tí as vosas atencións nos poucos días que estivemos en isa. Igoal agradecimento teño de eispresar a Piñeiro e á sua dona, pero vou a escribirilles aparte. Hoxe soio quero acusarche recibo do número de Insula e felicitarte pol-o teu traballo. Pasar por Galicia, aínda que fose por poucos días, mais ben fíxome daño. Aínda non podó eisplicarme por qué, e isto non quere decir que non pense en voltar en calquer oportunidade. Dende logo estou moi contento de ter estado cos meus familiares e amigos mais queridos aínda que fose por pouco tempo.

Recibide Elena e tí unha aperta de Maruja e miña, e unha mais estreita pra ti de:

Seoane.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.